

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas e cinco minutos do día vinte e oito de marzo de dous mil catorce, réunese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eladio Mangana Nóvoa, don Eliseo Fernández Gómez e don Julio Pérez Carballo, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno, dona Mónica Vázquez Blanco e dona M.^a del Carmen Figueiral Iglesias, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 28 DE FEBREIRO DE 2014.-

O Sr. presidente pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 28 de febreiro de 2014.

Non se formula ningunha observación declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE AS RECOMENDACIÓNS DO COMITÉ DE EXPERTOS A RESPECTO DA FUTURA REFORMA FISCAL, NO QUE ATINXE AO SECTOR DO VIÑO.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Rodríguez Puga, para que defenda o contido da moción.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, dá lectura á moción, co seguinte contido: “*A aposta pola modernización e o esforzo na modernización e mellora das variedades*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

autóctonas realizado durante todos estes anos polo sector vitivinícola galego ten provocado que tanto os brancos como os tintos gocen dun cada vez meirande recoñecido prestixio nos diferentes mercados a nivel internacional e converten a Ourense e a Galiza nun verdadeiro referente de calidade no ámbito vitivinícola. Deste xeito, os viños galegos representan un valor en alza e forman parte da súa identidade, por tradición, historia e cultura gastronómica. No conxunto de Galiza existen cinco denominacións de orixe (Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras), ás que hai que sumar tres indicacións xeográficas protexidas de viños dá terra, como son Barbanza e Iria, Betanzos e Valdemiño-Ourense. En total, recollen ao ano 20 millóns de quilos de uvas e ao redor de 5 millóns de litros de viño e o comercio exterior supón neste momento o 60% da súa facturación. Especial importancia ten este sector na provincia de Ourense, onde se concentran catro das cinco denominacións de orixe que existen no noso país. E é que, ademais dos excelentes viños e caldos elaborados, non habería que esquecer tamén aos magníficos augardentes e licores tradicionais que contan cunha protección especial que os ampara. Neste días vense de dar a coñecer o denominado informe do “comité de expertos” a respecto da futura reforma fiscal, que deixa aberta a porta á posibilidade de creación dun novo imposto que grave ao viño, proposta que conta co rexeitamento total do sector vitivinícola. Este é o enésimo intento de crear un tipo impositivo que grave ao viño, compre lembrar que xa se intentou poñer en marcha co anterior goberno estatal, con Rodríguez Zapatero á fronte, pero non se levou a cabo diante das protestas do sector. O sector do viño é fundamental para a economía ourensá, dado que ten unha grande transcendencia socio-económica que favorece o desenvolvemento do rural, xa que miles de persoas teñen relación directa co sector, xerando importantes beneficios económicos na produción, transformación e comercialización. O viño forma parte da nosa realidade como pobo, configura a nosa paisaxe, está perfectamente integrado no medio natural, colabora na sustentabilidade medio ambiental e axuda a fixar poboación no rural. De implementarse esta recomendación sen dúbida suporía un novo pau nas rodas dun sector moi atacado nos últimos tempos, xa que nos últimos tempos, por diversas razóns, o consumo de viño ten experimentado unha baixada importante. Por todo o anterior exposto, o grupo provincial do BNG solicita por parte do Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo: 1.- O Pleno da corporación rexeita a proposta do comité de expertos que propón que se grave fisicamente ao viño, por entender que isto suporía un mazazo a un sector económico xa de por si castigado, tendo en

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

conta a importancia socioeconómica que ten este sector para Galiza e para Ourense. 2.- Instar á Xunta de Galiza para que se dirixa ao goberno do Estado para que non teña en consideración as recomendacións do comité de expertos sobre este particular. 3.- Darlle traslado deste acordo aos Consellos Reguladores da Provincia de Ourense, concellos das comarcas afectadas, Xunta de Galicia e aos Ministerios de Industria, Enerxía e Turismo e Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente”.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, en primeiro lugar quere dar as grazas a toda a corporación, así como aos medios de comunicación, por terse preocupado por el e mandarlle mensaxes de ánimo nunha situación complicada como a que pasou. En canto á moción, di que hai 125 propostas fiscais enriba da mesa nese famoso informe que se fai para cambiar a lei tributaria. Ten que dicir alto e claro que todos os gobernos queren facer unha especie de tributación especial para o viño. Di isto porque no goberno anterior tamén se intentou facer e houbo un rexeitamento por parte do sector do viño. Isto parece unha obsesión e este sector non ten que ver con moitos dos argumentos que se dan, porque intentan mesturar o viño con bebidas alcohólicas de moita máis gradación ou con cuestións derivadas do “botellón”, que non teñen nada que ver co viño que elaboran os viticultores ou bodegueiros do país (produtos de gran calidade). Lembra que España é un país con máis superficie vitivinícola do mundo (1.104.000 Ha), o que pon de manifesto o importante do sector para o país. Débese mostrar o rexeitamento a esta vella obsesión de todos os gobernos que pasan polo Estado, aínda que sexan só recomendacións e non estea para aprobar (en época de eleccións non o van facer). Anuncia o apoio á moción e gustaríalle que o grupo que presentou a moción (BNG) aceptase a seguinte engadega in voce: Instar á Xunta de Galicia para que articule as medidas necesarias para garantir que as uvas se paguen a un prezo digno non inferior aos custos de produción xa que, tendo en conta as dificultades económicas que sofren os agricultores do sector vitivinícola, cómpre articular medidas que redunden na fixación da poboación no ámbito rural. Onte no Concello de Ribadavia quen presentou este emenda foi o Partido Popular, e todos os grupos da corporación creron que era unha emenda importante, porque non se pode obviar que se está a falar disto, pero por outra banda hai un problema moi grave no sector, que é que non teñen nin contratos homologados que neste momento poidan garantirilles aos viticultores que cobren o seu produto e polo tanto o sector está a sufrir unhas consecuencias moi graves. Non estaría de máis

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

que, xa que se está a debater sobre o sector do viño, se fale tamén de algo co que cre que están todos de acordo, algo do que xa se falou hai uns meses e a día de hoxe (que a el lle conste) non se mantivo ningunha reunión cos sectores implicados, con bodegueiros, viticultores por parte da Xunta de Galicia, para intentar que non se chegue á futura vendima cos mesmos problemas da provincia que se veñen sufrindo nos últimos anos. Agradecería a aceptación da engádegas, porque se alguén nesta crise tirou da economía foi o sector primario. De todos modos o Grupo Socialista apoiará a moción tanto se se acepta a súa engádegas como se non se acepta.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, sen entrar nas consideracións da importancia que ten o sector do viño para a provincia e para Galicia, vaise cingir á proposta do BNG e non vai valorar a emenda do Grupo Socialista porque non sabe se o BNG a vai ter en consideración ou non, en todo caso pensa que, sendo importante, non ten moito que ver co que propón o BNG. Anuncia que o Grupo Popular vai votar a favor porque España liderou no último ano a produción mundial, tanto en superficie como en elaboración de viño, e por iso entenden que é preciso apoiar este sector. Polo momento, a proposta á que se refiren e só iso: unha proposta, non hai nada definitivo, pero entenden que gravar o viño non sería a mellor opción. Lembra que nese sentido o Sr. ministro dixo recentemente o seguinte: as propostas dese comité de expertos non son a posición do goberno; dada a situación actual deste produto en España, encarecelo con impostos sería pouco conveniente; aínda que os expertos falen de introducir un imposto baixo, probablemente os efectos non serían positivos para o sector; a miña posición (di o Sr. ministro) na Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos e no Consello de Ministros é que non vexo a necesidade de gravar este produto, e sobre todo cando se compite con outros países que non o fan; tedes en min (segue dicindo o Sr. ministro) unha voz máis parecida á vosa posición (dille ao sector do viño) que ao que din os expertos do informe Lagares; e conclúe dicindo que lle envía polo tanto unha mensaxe de tranquilidade ao sector, será a reforma do goberno e non a reforma dos expertos. Seguindo estritamente o que se propón na moción, o Grupo Popular entende que debe ser directamente a Deputación a que se dirixa ao goberno do Estado para que non teña en consideración as recomendacións do comité de expertos sobre o particular. Pregúntase por qué instar á Xunta de Galicia para que inste ao Estado se o pode facer directamente a Deputación. Lembra que recentemente a Xunta de Galicia, e o Sr. presidente de forma bastante expresiva, xa o fixeron de forma extraoficial e o farán oficialmente cando o asunto chegue ao Parlamento. Non ten sentido

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

pedirlle a unha segunda administración algo que non é da súa competencia. Por último, tamén entende que se lle debe dar traslado deste acordo tamén ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas. Para finalizar di que o Grupo Popular apoia os acordos propostos na moción, se ben gustaríalles que tivesen en consideración as emendas que expuxo, porque entenden que completan e melloran o texto da moción. Se non é así, apoiarán igual a moción.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, pensa que a proposta que fixo o Grupo Socialista non ten moito que ver co que se está a tratar, e gustaríalles que as engádegas se presentasen con antelación para poder ter claros os posicionamentos. Agradece a unanimidade no apoio á moción presentada, polo que se todos están de acordo tamén en aceptar a engádegas non ten ningún problema en aceptala, aínda que non teña que ver co espírito da moción. En canto ás propostas do Grupo Popular di que sempre que se mellore e se consiga que non se leve a cabo o gravame do imposto sobre o viño non teñen ningún problema en aceptalas.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que eles entenderon que esta engádegas aínda que non teña que ver co fondo da cuestión si ten que ver co sector do viño porque esta problemática hai que abordala nos foros que corresponden, a maiores de que o fagan os políticos. Presentan esta engádegas porque persoas vinculadas ao sector lle dixeron que podería ser unha cuestión importante para abordar na Deputación, sen ánimo de desvirtuar a moción do BNG, polo que xa dixo anteriormente que se se tiña a ben atendela lles parecería ben, pero se non se atendía apoiarían igual a moción. Sería bo que saíra unha resolución de todas as partes, incluída a Xunta de Galicia que tamén ten que ver con isto. Está de acordo con instar ao Ministerio de Facenda que é onde se poderían tomar este tipo de medidas fiscais. Reitera o apoio á moción coas modificacións que se fagan, porque a intención é que saia un acordo firme e unánime de rexeitamento a calquera tipo de cuestión que lles ocorra aos “expertos”.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que visto que o grupo que propón a moción acepta a engádegas do Grupo Socialista o seu grupo tamén a aceptará e felicítase de que en temas importantes e de gran transcendencia para a provincia de Ourense sexan capaces de estar todos de acordo como o están agora mesmo.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, reitera que admiten todas as engádegas e incide en que se propoñan en tempo e forma para poder valoralas na súa xusta medida. En todo caso congratúlanse de que neste tema se poida chegar a un acordo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

consensuado, porque é importante e esencial para a provincia. Pregúntase a ver se é certo o que dixo o Sr. ministro, porque este goberno ás veces fai o contrario do que di que vai facer, xa que o feito de que neste momento non sexa procedente non exclúe de que o poida ser máis adiante, polo que cren que máis aló de declaracións debe haber contundencia e firmeza no que dixo.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o texto da moción coas engádegas propostas polo Grupo Socialista e polo Grupo Popular, e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- O Pleno da Corporación rexeita a proposta do comité de expertos que propón que se grave fiscalmente ao viño, por entender que isto suporía un *mazazo* a un sector económico xa de por si castigado, tendo en conta a importancia socioeconómica que ten este sector para Galiza e para Ourense.

2.- Instar ao goberno do Estado para que non teña en consideración as recomendacións do comité de expertos sobre este particular.

3.- Darlles traslado deste acordo aos Consellos Reguladores da Provincia de Ourense, concellos das comarcas afectadas, Xunta de Galiza e aos Ministerios de Industria, Enerxía y Turismo, Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

4.- Instar á Xunta de Galicia para que articule as medidas necesarias para garantir que as uvas se paguen a un prezo digno non inferior aos custos de produción xa que, tendo en conta as dificultades económicas que sofren os agricultores do sector vitivinícola, cómpre articular medidas que redunden na fixación da poboación no ámbito rural.

3º.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2013.-

A Sra. interventora expón o contido da liquidación do orzamento de 2013, aprobado por resolución da Presidencia de data 27 de febreiro de 2014, co seguinte contido:

“En uso das atribucións conferidas polos artigos 191.3 e 192.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, unha vez visto o preceptivo informe de Intervención, e a proposta da Presidencia do Organismo Autónomo, ACORDO:

1º.- Aproba-la liquidación do orzamento xeral de 2013 da Excm. Deputación Provincial, cos seguintes resumos e magnitudes principais a fin de exercicio:

a) Entidade local	
ORZAMENTO DE GASTOS	

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

Créditos orzamentarios iniciais	66.307.000,00 €
Créditos orzamentarios definitivos	86.464.481,27 €
Obrigas recoñecidas netas	70.643.953,50 €
Obrigas pendentes de pagamento	7.471.321,30 €
ORZAMENTO DE INGRESOS	
Previsións iniciais	66.307.000,00 €
Previsións definitivas	86.464.481,27 €
Dereitos recoñecidos netos	80.527.671,45 €
Dereitos pendentes de cobro	7.056.478,38 €
RESULTADO ORZAMENTARIO	
Dereitos recoñecidos netos (+)	80.527.671,45 €
Obrigas recoñecidas netas (-)	70.643.953,50 €
Resultado orzamentario	9.883.717,95 €
Gastos financiados con remanente de Tesourería para gastos xerais (+)	6.191.174,01 €
Desviacións de financiamento negativas (+)	1.031.133,92 €
Desviacións de financiamento positivas (-)	939.693,99 €
Resultado orzamentario axustado	16.166.331,89 €
REMANENTE DE TESOURERÍA	
Fondos líquidos (+)	16.261.021,97 €
Dereitos pendentes de cobro (+)	15.359.970,63 €
Obrigas pendentes de pagamento (-)	12.219.521,24 €
Remanente de Tesourería total	19.401.471,36€
Saldo de dubidoso cobro	2.223.333,20 €
Exceso de financiamento afectado	734.212,89 €
Remanente de Tesourería para gastos xerais	16.443.925,27€
b) Inorde	
ORZAMENTO DE GASTOS	
Créditos orzamentarios iniciais	1.166.963,88 €
Créditos orzamentarios definitivos	2.261.234,32 €
Obrigas recoñecidas netas	1.861.300,80 €
Obrigas pendentes de pagamento	246.222,15 €
ORZAMENTO DE INGRESOS	
Previsións iniciais	1.166.963,88 €
Previsións definitivas	2.261.234,32 €
Dereitos recoñecidos netos	1.668.593,27 €
Dereitos pendentes de cobro	332.649,77 €
RESULTADO ORZAMENTARIO	
Dereitos recoñecidos netos (+)	1.668.593,27 €
Obrigas recoñecidas netas (-)	1.861.300,80 €
Resultado orzamentario	-192.707,53 €
Gastos financiados con remanente de Tesourería (+)	244.492,37 €
Desviacións de financiamento negativas (+)	171.040,33 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

Desviacións de financiamento positivas(-)	202.203,49 €
Resultado orzamentario axustado	20.621,68 €
REMANENTE DE TESOURERÍA	
Fondos líquidos (+)	408.285,13 €
Dereitos pendentes de cobro (+)	372.125,92 €
Obrigas pendentes de pagamento (-)	848.831,54 €
Remanente de Tesourería	-68.420,49 €
Saldos de dubidoso cobro	57.278,70 €
Exceso de financiación afectada	0,00
R.T. para gastos xerais	-125.699,19

2º.- Que se lle dea conta ó Pleno provincial de acordo cos artigos 193.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2002, do 5 de marzo, e 90.2 do Real decreto 500/1990”.

Os membros da Corporación quedan informados.

4º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS FACULTADES QUE O CONCELLO DE XUNQUEIRA DE ESPADANEDO TEN ATRIBUÍDAS EN MATERIA DE RECADACIÓN DO IBI, IVTM E TAXA POLA RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aceptar a delegación nesta Deputación Provincial das facultades que o Concello de Xunqueira de Espadanedo ten atribuídas en materia de recadación do Imposto de bens inmobles (IBI), Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM) e Taxa pola recollida de lixo, ao abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 7 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no acordo do Pleno do dito concello do día 27 de decembro de 2013. A dita delegación rexerese polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

5º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS FACULTADES QUE O CONCELLO DE AVIÓN TEN ATRIBUÍDAS EN MATERIA DE RECADACIÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES E IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (AGÁS O BICE POLO ENCORO DE ALBARELLOS).-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aceptar a delegación nesta Deputación Provincial das facultades que o Concello de Avión ten atribuídas en materia de recadación do Imposto de bens inmobles (IBI) e o Imposto sobre actividades económicas (agás o referido ao BICE polo encoro de Albarellos), así como das actuacións pendentes dos últimos catro anos e anteriores non prescritas sobre os mesmos impostos, ao abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 7 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no acordo do Pleno do dito concello do día 14 de marzo de 2014. A dita delegación rexerá polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia.

6º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE RECLAMACIÓN DO IMPOSTO SOBRE AS VENDAS MINORISTAS DE DETERMINADOS HIDROCARBUROS (CÉNTIMO SANITARIO).-

O Sr. presidente cédelle a palabra o Sr. Gómez Pérez, para que defenda o contido da moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, dá lectura á moción, presentada porque houbo unha sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e pensa que todas as administracións deben facer uso das súas competencias e reclamar: *“No ano 2002 déuselle luz verde á creación do Imposto sobre as vendas polo miúdo de determinados hidrocarburos (IVDH), coñecido como o céntimo sanitario. Nestes días vimos de coñecer a*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea sobre o cobro do céntimo sanitario, que considera este imposto como contrario ao dereito comunitario, e que pode ser reclamado non só por particulares e empresarios senón tamén por organismos públicos, presentando a facturación de consumo de combustible da flota de vehículos municipais. Á vista desta sentenza, o Grupo Provincial Socialista considera que dende o servizos técnicos da Deputación de Ourense se deberían poñer a traballar para elaborar a reclamación do cobrado por este imposto e considerado polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea contrario a dereito. O ministro Montoro xa anunciou que so se poderá reclamar a devolución do pagado entre marzo de 2010 e decembro de 2012 porque o resto de exercicios fiscais xa están prescritos, pero nós consideramos que habería que facer a reclamación polo total de anos nos que se gravaron os carburantes con este imposto. É dicir dende 2002. Deste xeito, consideramos que o montante aproximado que afectaría a esta Deputación andaría polos 200.000 €. Cálculo feito polos orzamentos destes anos e probablemente sexan máis pola incorporación do servizo da recollida de lixo. De todos os xeitos, fose cal fose a cantidade, habería que facer o calculo polos técnicos da Deputación e realizar esta reclamación. Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial Socialista somete a consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo: Realizar o cálculo polos técnicos da Deputación Provincial de Ourense de cal é a cantidade que habería que reclamar pola aplicación do Imposto sobre as vendas polo miúdo de determinados hidrocarburos. Realizar a reclamación polo montante total, dende o ano 2002, do cobrado por este imposto. Ofrecerlles axuda técnica aos concellos da provincia de Ourense para que poidan realizar dita reclamación. Investir a cantidade reclamada, cando sexa reintegrada ás arcas da Deputación para servizos sociais nos concellos. Poderíase pensar que as cantidades son pequenas, pero hai que lembrar que as achegas que fai a Deputación para servizos a domicilio son de 1.500 €, 2.000 € Se se fai efectivo este reembolso podería dárselle algunha cantidade a algún concello que o necesita, quere dicir, que hoxe en día calquera cantidade que poida axudar a soportar as necesidades que están na rúa (informes de Cáritas) son cuestións importantes que hai que abordar nesta casa. Cando din reclamar o montante total é porque hai moitas voces que están autorizadas que están dicindo que o da prescrición é cuestionable. Pensa que a Deputación, como institución, debería facer esa reclamación. Cre que esta é unha moción importante para a Deputación e espera o apoio de todos os grupos.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, adianta o voto a favor da moción e manifesta que o Tribunal de Xustiza da UE ven de declarar o céntimo sanitario contrario a dereito por vulnerar a lexislación comunitaria, ao non cumprir os dous requisitos que esixe a norma para este tipo de gravames. Este feito podería levar ao Estado a devolver preto de 13 mil millóns de euros. Un imposto que estivo en vigor ata xaneiro de 2013, data na que o Executivo de Mariano Rajoy integrou a nova recarga sobre hidrocarburos, e que en Galiza foi introducido en 2004 co goberno Fraga, sendo conselleiro de Economía José Antonio Orza, que xustificou daquela este imposto como un intento de mitigar o impacto do envellecemento da poboación no gasto sanitario. A noticia da resolución do tribunal mencionado chega xusto nun momento no que os orzamentos da Xunta para 2014 prevén aplicar outra suba do imposto sobre hidrocarburos, o que suporá un incremento de 3,6 céntimos por litro de gasóleo e de 2,4 céntimos no caso da gasolina. Segundo as previsións do goberno galego, esta suba do tramo autonómico do imposto especial de hidrocarburos suporá unha recadación adicional de 53 millóns de euros, situándose así, de esta forma, o tope impositivo permitido. Esta resolución xa está a dar lugar a numerosas demandas de organizacións de consumidores, profesionais e particulares que resultaron prexudicados pola aplicación de esta taxa, que no caso dos transportistas, presentaron xa unha batería de reclamacións nas que piden a responsabilidade patrimonial do estado para poder recuperar o máximo posible. Por iso, entre outras medias, o BNG no Congreso presentou unha iniciativa parlamentar e unha proposición non de lei na que insta ao Ministerio de Hacienda e ao seu ministro, para pór en marcha un procedemento áxil e efectivo para a devolución desas cantidades. Pero o goberno do Partido Popular segue empeñado en aplicar un imposto indirecto que paga todo o mundo, independentemente dos seus ingresos, recorrendo á fiscalidade indirecta, que resulta o método menos xusto porque mide a todos por igual, independentemente da súa situación económica, e máxime nun contexto como o actual con preto de seis millóns de parados e cunha perda de poder adquisitivo, froito da rebaixa salarial, cada vez maior. O BNG está de acordo con que hai que incrementar os fondos para o Servizo Galego de Saúde, pero non a costa de utilizar este tipo de impostos sobre o consumo que teñen o efecto de profundar na desigualdade, porque penaliza igualmente ás persoas con poucos recursos económicos e a quen os teñen moi elevados. O máis razoable é que os impostos sexan progresivos, de maneira que sexan maiores para as persoas con máis recursos, un precepto especialmente importante nun momento de grave crise económica. Chama a atención que a Xunta decida esta suba

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

indiscriminada mentres mantén sen tocar algúns como o patrimonio, sucesións ou sociedades, que si teñen carácter progresivo.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que valoran positivamente esta iniciativa, polo que adianta que van votar a favor dos acordos propostos, se ben vai facer algunha consideración que pode axudar nun tema especialmente complexo desde o punto de vista técnico e xurídico. Nese sentido lembra que a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, que ditaminou que o céntimo sanitario é contrario ás directivas sobre impostos especiais, non aclara técnicas que é necesario coñecer para calcular os importes para devolver. É por isto que o Goberno de España, a través do Ministerio de Facenda, elevoulle consulta á Comisión Europea respecto á devolución do diñeiro ingresado a través do chamado céntimo sanitario, polo que convén agardar a que sexa contestada e non pronunciarse ata coñecer a resposta da comisión. O que deberá quedar clarexado é que a competencia sobre a interpretación e resposta ao pronunciamento europeo é estatal. Por conseguinte, é importante que a Comisión Europea se pronuncie ao respecto, para non conculcar o dereito comunitario con devolucións que puideran chegar a ser consideradas axudas ao Estado (non obstante é sabido que a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a través da súa sede electrónica, subministra un modelo de solicitude de devolucións e as instrucións para cubri-lo). De calquera xeito, se o solicitante é empresario ou profesional cabe supoñer que no seu momento xa deduciu o imposto pagado na declaración correspondente ao imposto directo que lle resultase aplicable (IRPF ou sociedades). Por isto, unha vez recoñecido o dereito á devolución para os períodos non prescritos, deberanse presentar declaracións rectificativas deses impostos, minorando a deducibilidade dos ditos gastos, sen prexuízo da facultade da Axencia Tributaria para comprobar as declaracións respectivas. Aínda que puidese parecer innecesario, cómpre lembrar que por medio a Lei 2/2012, de orzamentos xerais do Estado, España derogou o céntimo sanitario na configuración aludida na sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, pasando a integralo no marco do Imposto especial sobre hidrocarburos, adiantándose ao pronunciamento que se ven de producir. No tocante á nosa Comunidade Autónoma, quere lembrar que Galicia equiparou en 2014 o Imposto de hidrocarburos coa maioría das comunidades, incluída Andalucía. Ademais, o sector do transporte profesional ten acceso á devolución (tributa 0,12 euros por litro) mentres en Andalucía non se devolve nin un euro (pagan 0,48 euros por litro). Así mesmo, quere destacar tamén que Galicia mantén o tipo 0 en

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

gasóleo agrícola e pesqueiro, é dicir, no ámbito do sector primario, mentres que Andalucía si cobra este imposto a uns sectores especialmente sensibles. En todo caso, trátase dun imposto que permite manter e fortalecer o gasto social, porque é un imposto que se dedica exclusivamente á sanidade e, polo tanto, a mellorar unha prestación fundamental para os cidadáns. Grazas a este tipo de medidas Galicia pode permitirse, con dificultades, incrementar infraestruturas sanitarias, mentres que outras comunidades se ven abocadas ao peche de hospitais e centros de saúde. Á parte de apoiar esta iniciativa, quere dicir que a Deputación xa ven traballando nisto desde hai tempo, porque así llelo encargou o Sr. presidente aos técnicos desta casa.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, alégrase de que esta iniciativa saia adiante co voto de todos os grupos e, como xa dixo o portavoz do Grupo Popular, xa están traballando nela porque é unha obriga que as distintas administracións reclamen o que corresponda. É certo que isto se empezou a aplicar desde o ano 2002, pero despois eran as comunidades autónomas as que tiñan a competencia de facelo ou non, porque tanto Aragón, País Vasco, A Rioxa e Canarias con Ceuta e Melilla non o aplicaban. En canto Andalucía (xa que puxo o exemplo o portavoz popular) di que ao mellor o servizo que presta en sanidade a comunidade andaluza non ten nada que ver co que se presta noutras comunidades, que non vai mencionar porque non ten mala intención. Se o diñeiro que se recadou fose investido de forma correcta ao mellor as reclamacións serían outras e os cidadáns entenderían isto doutro xeito. Reitera que se alegra de que se aprobe a moción e espera que esta institución logre algo con ela, a cantidade que sexa, e que sirva para paliar necesidades urxentes.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que o BNG entende que a actual recarga autonómica sobre o Imposto especial sobre hidrocarburos tamén debería ser sometido a revisión e anularse. O imposto sobre carburantes non ten un carácter finalista, e polo tanto contradí a mensaxe do goberno galego, xa que a súa suba supón maiores ingresos que poden ser utilizados con fins moi distintos aos sanitarios. En vista da defensa que fixo o portavoz do Partido Popular, queda claro que a sanidade é unha escusa para aumentar a presión fiscal sobre os cidadáns e iso de que se incrementan as infraestruturas sanitarias é moi fácil dicilo, pero moi difícil demostralo e dicirlle á cidadanía que este incremento é polo ben da súa saúde é algo atrevido. É necesario que o presidente da Xunta lles diga aos galegos canto vai custar esta devolución, cantidade que volverán pagar os contribuíntes cos seus impostos. O cidadán do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

común perde por duplicado porque pagou cando se lle cobrou o céntimo sanitario ilegalmente e pagará de novo agora cos seus impostos as cantidades que se reclamen por parte de quen poida xustificar o pago, porque ningún particular gardou os recibos ao longo destes anos. Con independencia de quen se vexa afectado pola sentenza, é necesario que a Xunta retire o cobro do céntimo sanitario, porque non será ilegal, pero o que está claro é que é regresivo, e supón unha nova carga para as economías domésticas do país así como para os empresarios, que non ten en conta o nivel de renda.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que é respectuoso coas propostas que se fan nas mocións, polo que non vai entrar nas consideracións que fixo o Sr. Iglesias Pérez, que non teñen nada que ver con todo isto. En todo caso, quere dicir que o céntimo sanitario xa desapareceu.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista, e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Realizar o cálculo polos técnicos da Deputación Provincial de Ourense de cal é a cantidade que habería que reclamar pola aplicación do Imposto sobre as vendas polo miúdo de determinados hidrocarburos.

2º.- Realizar a reclamación polo montante total, dende o ano 2002, do cobrado por este imposto.

3º.- Ofrecerlles axuda técnica aos concellos da provincia de Ourense para que poidan realizar a dita reclamación.

4º.- Investir a cantidade reclamada, cando sexa reintegrada ás arcas da Deputación, para servizos sociais nos concellos.

7º.- CAMBIO DE DATAS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS E DO PLENO ORDINARIO DO MES DE ABRIL DE 2014.-

Tras a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia de data 24 de marzo de 2014.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación a súa proposta, e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Modificar as datas das comisións informativas e do Pleno ordinario do mes de abril de 2014, que terán lugar nos seguintes días:

- . Comisións informativas: día 24 de abril, xoves, a partir das 17.00 horas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

. Pleno ordinario: día 30 de abril, mércores, a partir das 11.00 horas.

8º.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE DO GRUPO SOCIALISTA NO INORDE, POR RENUNCIA DE DONA CARMEN FIGUEIRAL IGLESIAS.-

Tras a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia de data 24 de marzo de 2014.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación a súa proposta, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Designar a don Álvaro Vila Araújo como vogal do Consello Reitor do INORDE, con efectos do día da data deste acordo.

9º.- DACIÓN DE CONTA AO PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE FEBREIRO DE 2014 E DOS SEGUINTE ADICIONAIS: 1º DE DECEMBRO DE 2013 E 1º DE XANEIRO DE 2014.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia no mes de febreiro de 2014, e dos seguintes adicionais: 1º de decembro de 2013 e 1º de xaneiro de 2014.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

10º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE FEBREIRO DE 2014 E DOS SEGUINTE ADICIONAIS: 1º DE DECEMBRO DE 2013 E 1º DE XANEIRO DE 2014.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia nos mes de febreiro de 2014 e dos seguintes adicionais: 1º de decembro de 2013 e 1º de xaneiro de 2014.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

11º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Tras a declaración previa por unanimidade da urxencia dos asuntos, tratáronse as seguintes mocións:

11ª.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Gómez Pérez para que defenda o contido da moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que tradicionalmente a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar viña poñendo en marcha un Plan de cooperación para o fomento do emprego nos concellos. O dito plan servía para poñer no mercado laboral un bo número de postos de traballo que eran cubertos por veciñas e veciños dos nosos concellos. Á súa vez, este plan servía para paliar moitas carencias nos concellos que as ditas administracións non podían cubrir por falta de medios económicos. Segundo as conversacións mantidas entre a FEGAMP e os representantes da Consellería de Traballo e Benestar o único claro que hai este ano é que dende o Goberno do Estado se van transferir a Galicia 113.000 € para o total dos concellos da Comunidade Autónoma. É dicir o reparto para contratación de traballadores será de 359 €, con que se contrataría un traballador por semana e case a media xornada. Esta é a aposta decidida que quere facer o Partido Popular para fomentar o emprego, pero paliar as ditas políticas está nas mans do goberno da Deputación Provincial. Visto que este ano, parece ser que somos os reis das finanzas, e que nas contas da Deputación saen cartos por todos os lados e temos un remanente de tesourería de 16 millóns de euros (que non dubida que estean nos papeis, pero dubida que os haxa en tesourería), que mellor cousa que investir en fomentar o emprego na provincia de Ourense. Segundo os seus cálculos cre que no último ano para a provincia de Ourense estamos a falar de menos de un millón e medio de euros para fondos de cooperación cos concellos. Pensa que esta é unha afronta máis que se fai desde o goberno central, e é indignante escoitar aos dirixentes do Partido Popular dicir que estamos na saída do túnel, que isto vai ben, que estamos recuperando. É verdade que (e o Grupo Socialista así o recoñeceu) estamos nuns tempos complicados e que non se poden facer as mesmas achegas que se facían, pero é certo que se foi baixando ano por ano os plans de cooperación dos concellos, ata o punto de que o ano pasado se estivo ata dous días antes sen saber se se podía contratar (como por exemplo poder abrir as piscinas municipais). Á parte de non poñer os cartos hai unha total falta de xestión por parte da Xunta de Galicia e é un desastre total. Cando

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

non hai cartos non os hai, pero se os hai e os recollen na orde hai que poñelos a disposición dos concellos canto antes, e o colmo é que as ordes saian en marzo e que a principios de xullo aínda non se saiba o que se vai contratar. A maiores disto (de aí esta moción) este ano se di que non vai haber cartos para contratar a traballadores esenciais (servizos sociais e outros) por uns meses. A Xunta de Galicia ten as competencias no tema de emprego, pero só as ten cando lles convén, cando non lles convén as competencias son do goberno central (Feijóo é un experto nisto), e o problema de aquí non é a herdanza senón que son os herdeiros que están facendo que este país teña moitos máis parados, persoas en risco de exclusión social, que haxa 400.000 persoas máis que hai tres anos que viven na máis absoluta pobreza. O Grupo Socialista entende que, se as contas da Deputación son tan boas como se presentan este ano, se pode facer un plan para paliar o que non vai dar a Xunta de Galicia a través das transferencias que fai o Estado. Un plan con criterios obxectivos e consensuados, non á hora de repartir pero si cando os concellos acometan as contratacións de forma axeitada ás súas necesidades para os veciños dos concellos. Esta é unha oportunidade que ten o Sr. presidente de facer un plan de emprego, polo que non van aceptar a emenda do BNG, xa que o espírito da moción é que o faga a propia Deputación, porque xa saben que a Xunta de Galicia non os vai facer, igual que non o vai facer o Goberno do Estado (xa esta Deputación, e é un bo logro do Sr. presidente, impulsou os plans de obras nos concellos porque o goberno non os fai). Non é que non queiran aceptar a engádegas porque as competencias non sexan da Xunta (que o son), pero como non o vai facer e a Deputación presenta estes datos tan bos en canto ao remanente, debería facerse desde aquí. O que se pide na moción non vai máis alá do que se presenta por parte do Partido Popular noutras deputacións nas que goberna o Partido Socialista e que se está facendo (sen ter en conta o debate político no reparto). Non se pode dicir que non son competencias desta Deputación paliar os defectos que teñen outras administracións e ir a outras administracións máis pequenas (concellos) e pedir que se fagan plans de emprego para paliar os defectos que presentan os mesmos que despois reclaman nos concellos, que son os propios membros do Partido Popular.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, da intervención do Sr. Gómez Pérez deduce que o Grupo Socialista non acepta a engádegas que presentou o BNG. Manifesta que mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, Galicia asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado no relativo ás políticas activas de emprego,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

correspondéndolle, pois, á Consellería de Traballo e Benestar, a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego, entre as que están as medidas dirixidas, por unha banda, a fomentar a creación de emprego de calidade e, por outra, a incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, mellorando as condicións do mercado de traballo. As recomendacións da Unión Europea en materia de emprego diríxense a que os estados membros deben descentralizar a xestión das políticas de emprego, de forma que estas se acheguen e adecúen ás necesidades concretas de cada territorio e á realidade do mercado de traballo local co fin de lograr unha estratexia de acción común. Estas directrices fan especial fincapé na importancia da creación de postos de traballo no ámbito local desde a perspectiva de que existen novos viveiros de emprego susceptibles de xerar novos postos de traballo, sendo no ámbito local onde se atopan as maiores posibilidades de detección e aproveitamento en beneficio do emprego. Con esta finalidade a Xunta de Galicia foi pondo, ao longo destes anos pasados, en marcha distintas convocatorias de subvencións como instrumento (non sempre eficaz e ás veces das veces claramente clientelar) a través do cal ofrecerlles aos demandantes de emprego unha oportunidade para adquirir unha experiencia laboral mínima que puidera permitir a súa futura inserción no mercado de traballo, ao tempo que tivera en conta o necesario equilibrio e a solidariedade con aqueles territorios máis desfavorecidos, entre os cales están os concellos da provincia. Pero do dito ao feito hai un treito. Incomprensiblemente parece ser que a aposta pola creación de emprego é nula nun país no que o drama do paro está a afectar a cada vez mais familias, no que a precariedade laboral e a emigración dos nosos mozos e mozas son o denominador común. Mentres o país se desangra, a poboación activa de Galiza xa supón menos dun terzo do número total de habitantes, cada vez hai máis persoas cuxos postos de traballo desapareceron que persoas que se apuntaron nas oficinas de emprego, debido a que moitos cidadáns renuncian a apuntarse ao paro -porque xa non o ven útil, teñen dereito a prestación ou porque traballan na economía paralela- ou porque abandonan a busca de emprego, a Xunta de Galiza co seu Presidente á cabeza miran para outro lado. Máis paro, máis pobreza, máis emigración e moito menos futuro. A crise bateu duro na Galiza da era de Feijóo, malia que o presidente segue a presumir de *plus* de resistencia e diferenciais positivos dos que case non queda nada.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Gómez Pérez (co afecto mutuo que os caracteriza, aínda que algúns non o entendan porque están en cadeiras

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

distintas) que lle gustaría que lle aclarase algo do que lle quedou dúbida, que é se lle quedou algunha dúbida dos datos da liquidación do orzamento da que deu conta a Sra. interventora. Unha vez aclarado o asunto, di que o Sr. presidente, co apoio do seu grupo e a colaboración necesaria dos traballadores e traballadoras desta casa, impúxose no seu momento un importante plan de austeridade cuxos froitos están aí. O remanente de Tesourería é real. O endebedamento ao 31-12-2011 estaba nun 116%, agora mesmo está nun 68% e a finais do exercicio orzamentario que estamos a desenvolver estará por baixo do 54%. Todo isto é froito da xestión do Sr. presidente, do seu equipo de goberno e da colaboración necesaria e imprescindible dos traballadores/as desta casa. Adianta que non van votar a favor da moción porque non o poden facer, independentemente de que o corpo lles pida outra cousa. Explica, en primeiro lugar, que o plan de emprego tería como finalidade gastos de persoal, é dicir, gastos de nóminas e seguros sociais (capítulo I do estado de gastos do orzamento xeral) que se materializaría en maior contratación de persoal (coas limitacións ás que nos somete o Sr. Montoro). En segundo lugar, o remanente de tesourería non se pode destinar a gastos de persoal, segundo a limitación da Disposición adicional sexta da Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público. En terceiro lugar, a Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado, determina, no seu artigo 21 que: *durante 2014 no se autorizarán convocatorias de puestos o plazas vacantes de personal laboral de las entidades públicas empresariales y entes del sector público estatal salvo en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables que requirirán la previa y expresa autorización del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas ...* E nos concellos as declaracións que hai que facer, senón a Avogacía do Estado encárgase de facer o que fai. Para concluír, e ao abeiro do que din os técnicos desta casa, dadas as esixencias dos plans de axuste, a consecución da estabilidade orzamentaria, a regra de gasto e o teito de gasto, esta proposta non é asumible.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di, en primeiro lugar, que non lle estrañe ao BNG que non se acepte a engádega, xa explicou os motivos na primeira intervención e xa saben que a competencia é da Xunta pero habería que instala desde outros entes. Non se acepta co ánimo de non aceptar, senón que cren que desvirtuaría o que presenta o Grupo Socialista, que é que esta casa palíe os defectos doutras administracións (neste caso debería ser así). Di que non pon en dúbida os datos da liquidación do orzamento, pero o problema é que non ten os datos que pediu na comisión informativa sobre a liquidación, porque

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

co Decreto non é capaz de discernir de onde veñen os remanentes. Tampouco pon en dúbida o bo traballo dos traballadores desta casa. O que si pon en dúbida é que os traballadores desta casa teñan que facer o traballo político para facerlle loas ao labor do presidente. As loas ao Sr. presidente as teñen que facer os políticos. O que pide o Grupo Socialista é que ese diñeiro se destine para cuestións fundamentais. Non pon en dúbida os informes que fan os técnicos, o que si pon en dúbida é o sentido común, porque el non fala de contratacións que faga directamente esta casa, senón que fala dun plan de emprego que se fai noutras administracións, que se pon en valor e que son transferencias que se lles fan aos concellos. Os concellos terán que xustificar se os contratos aos que nos referimos son de urxencia, de necesidade e demais. Porque se non fose así, a Xunta de Galicia, desde que Montoro meteu ese corte, estaría incumprindo o que se está a dicir. Igual lles están dando pistas para reclamar desde os concellos. Pensa que o que pide é viable, con distintos mecanismos, pero viable. Xa sabe que a Deputación non pode contratar persoal que non estea definido e pregúntalles aos técnicos como se fan as contratacións dos servizos sociais, porque son modificacións orzamentarias. Cre que tendo vontade todo se pode facer e sen incumprir a lei, porque senón teremos que pedirlle a compañeiros que están noutras administracións que dean esa resposta tamén (terá que saír D. Rosendo a dicir que nun sitio di unha cousa e noutro di outra). Di que está un pouco farto de que se amparen en cuestións técnicas para defender outras. Pensa que o obxecto da moción era totalmente construtivo, é unha cuestión política pura e dura e o Sr. presidente tiña a oportunidade de formular unha boa iniciativa para todos os concellos (despois que non digan que o Grupo Socialista non propón iniciativas). Que ninguén pense que esta iniciativa do Grupo Socialista non estivo criticada por moita xente, porque lles daba medo que se propuxese este tipo plan na Deputación, pero se a propoñen é porque saben das necesidades de todos os municipios. Estamos preto de abril e aínda non saíron as ordes, non sabe como se van suplir os servizos máis básicos dos concellos e xa lle explicarán á xente que todo vai moi ben neste país grazas ao Partido Popular.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, sen ánimo de exercer de Pepito Grillo, porque o debate entre os portavoces é afectuoso e non quere romper a afectuosidade, di que en todo caso, o portavoz do Partido Popular dicía que o froito da boa xestión se reflicte na porcentaxe do endebedamento, cre que o froito da boa xestión non é iso, senón que é unha imposición legislativa. É bo que recoñecese que esta Deputación estivo a un nivel de endebedamento por enriba do que permite a lei, pero o portavoz (e algún máis do actual grupo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

de goberno) estaban aí e algo terían que dicir. Ten a dúbida de se as contratacións técnicas que se están facendo ultimamente, ao entender do BNG no máis puro estilo *dedocrático*, están dentro da política de austeridade. En canto á moción manifesta que os españois asinarían ter a taxa de paro que hai hoxe en Galicia a finais de 2015, dixo o xefe do Executivo galego logo de coñecerse os últimos datos da EPA que revelan que o país destruíu case 40.000 empregos no pasado ano, que é das poucas comunidades onde segue a subir o paro, que é a que ten a segunda peor taxa de actividade do Estado ou que segue a sufrir unha masiva emigración da súa mocidade. Pero a Xunta segue a presumir de cumprir coas súas previsións malia considerar inadmisibile o desemprego. A taxa de paro medrou en case dez puntos en Galicia desde a chegada de Feijóo ao poder (do 12,4% ao 22%). Chegou o momento de frear as listas do paro, dicía un dos lemas do PP de Galicia cara ás eleccións autonómicas de 2009, onde Feijóo venceu con maioría absoluta. Un trimestre despois da súa chegada ao poder, a taxa de desemprego en Galicia era do 12,4%. Desde aquela e ata o de agora a taxa de paro aumentou en 115.600 persoas, desde 162.200 parados daquel terceiro trimestre de 2009 ata os 277.800 que revelan os últimos datos da EPA debullados polo Instituto Galego de Estatística. A Galicia de Feijóo ten 115.000 parados máis e conta con 164.000 ocupados menos, mil activos menos por cada mes. Un milleiro de persoas que abandonan o mercado laboral para buscar futuro na emigración ou por desesperación. É a taxa de ocupación unha das que amosa con maior crueldade o drama da falta de emprego e futuro en Galiza, ao descender en case seis puntos nestes catro anos e pico. Do 48,3% ao 42,4% da última EPA, mentres que a taxa de actividade se sitúa agora no 54,3%, sendo a segunda peor de todas as comunidades autónomas e cinco puntos inferior á do Estado. En canto aos fogares con todos os seus membros en paro, a cifra é tamén contundente. Desde que Feijóo chegou á presidencia da Xunta, hai 50.000 vivendas máis nas que ninguén dos seus habitantes traballa. No entanto, non hai peores cifras que as que se tiran da análise da evolución do desemprego da mocidade nestes últimos anos. Desde a chegada de Feijóo a San Caetano, hai case 100.000 mozos ocupados menos (95.900), ao pasar dos 216.200 menores de 25 anos a metade de 2009 aos 120.300 da actualidade. A taxa de ocupación nesta franxa de idade é a que máis preocupa. No último trimestre de 2013 era de tan só o 16,6%, practicamente a metade que hai pouco máis de catro anos, cando se situaba no 32,4%. A taxa de ocupación da mocidade baixou á metade; hai 100.000 mozos ocupados menos desde que Feijóo goberna. Ademais, a taxa de paro xuvenil aumentou en case 20 puntos, mentres que a taxa de actividade,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

pola súa banda, descendeu en case quince. Un contexto laboral que expulsou milleiros de mozos galegos á emigración. Esta é a herdanza que o Partido Popular lle deixa a este país, ou ao que queda del.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Rodríguez Puga que recoñeza que a redución da débeda é froito da boa xestión e o que di a lei non é o que dixo, como tampouco di a lei que os dous últimos anos de ter un período medio de facturas de provedores de 140 días se pasara a 17. Dille ao Sr. Gómez Pérez que, como persoa de esquerdas, respecte a liberdade de expresión, incluso a dos técnicos desta casa e sobre todo cando dan datos e é evidente que os datos loan a quen os consegue. Estamos a falar da Deputación Provincial e non dos concellos (aínda que a Deputación sexa o concello dos concellos) e non vai valorar o que se pode entender por fondos propios ou subvencións finalistas. Non é o mesmo un plan de subvencións (plan de obras) que un plan de emprego, que el entende que é outra cousa. Lémbrralle ao Sr. Gómez Pérez (co afecto que lle causa graza ao Sr. Rodríguez Puga) que cando se debateron os orzamentos de 2014 non consta que fixeran ningunha iniciativa deste tipo nin de ningún outro. Hai que ter coidado cos plans de emprego e esa interpretación técnica e xurídica que fixo o portavoz socialista hai que facela con máis sosego, á vista da Lei 27/2013. Adianta, en nome do presidente e do grupo que o apoia, que nos orzamentos de 2015 (nos que xa se está a traballar para cumprir o que dixo o Sr. presidente de que por primeira vez na historia se debaterán no mes de outubro) irá un plan de emprego, que non será para nada un plan de nóminas nin un plan sectorial (ao estilo do Sr. Besteiro en Lugo, onde o 70% é para os concellos do PSOE e do BNG e dos 67 concellos de Lugo 43 están gobernados polo Partido Popular), e moito menos será un plan pantasma como o que se está facer ao lado desta Deputación. O desta Deputación será un verdadeiro plan de emprego, coa máxima colaboración dos concellos, orientado a sectores estratéxicos desta provincia, como servizos sociais, turismo cultural, termal e de natureza, entre outros. Polo tanto, non poden votar a favor da proposta, aínda que valoran positivamente esta iniciativa.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que aquí se dixeron cousas cando menos curiosas. Propoñen un plan de cooperación cos concellos para poder atender as demandas que se poden dar estes meses, que non ía frear nin moito menos as cifras do paro ou os dramas sociais que se viven, porque para iso hai que facer iniciativas máis contundentes desde o goberno central ou desde onde corresponda. O que molesta é que aínda se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

recorten máis os poucos fondos que se teñen. Di que é unha persoa de esquerdas e xa procura demostralo co cargo que ocupa; respecta a liberdade de expresión, pero o que lle molesta é que non se lles facilite a información que solicitan e que ás veces saian antes nos medios de comunicación informacións que dá algún técnico que as que reciben eles. Poden dicir o que queiran, respecta a liberdade de expresión, pero tamén el ten liberdade de expresión para poder dicir o que pensa do que debe facer un técnico e como portavoz do Grupo Socialista di o que lle parece mal, aínda que sexa dun técnico. Non vai entrar nas alusións a plans de emprego que se fan noutros sitios. Se cando se aprobaron os orzamentos de 2014 non propuxeron nada foi porque non sabían o que ían facer agora a Xunta de Galicia ou o Goberno Central. Xa o Sr. Álvarez Dobaño anunciou o que el xa dixo noutros plenos (aínda que non é un *pitoniso*), de que no ano 2015 os cartos para contratacións nesta casa ían ser maiores. Oxalá que o plan que fagan non sexa sectario como din, pero en 2015 hai eleccións municipais. En canto ao sectarismo de Lugo do que falan, di que ao mellor se fixo cuns criterios, e o que dicía o Partido Popular ten “delito dialéctico”. Está encantado de que se faga ese plan, pero o problema é este ano (que non é electoral) e os cidadáns non están entendendo de anos electorais, porque dentro de pouco non vai ir votar ningún, porque todos os estamos defraudando, e as cousas hai que facelas durante o mandato, non nos últimos dous meses antes das eleccións. Espera que o plan de emprego anunciado para 2015 sexa consensuado cos grupos da oposición, e despois intentarán facer o seguimento correspondente, que para eles é moi complicado polo que xa dixo antes, porque a información non flúe (aínda que se recolla no código ético). Reitera que non pon en dúbida a liquidación, pero na comisión el reclamou documentación, e a día de hoxe non a ten nas súas mans.

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que é certo que nas comisións do pasado día 20 formulou esa solicitude de información e anuncia que hoxe a terá no seu poder (el pensou que xa a tiña).

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a emenda formulada polo BNG, que obtén o voto favorable dos deputados do BNG (2) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do Grupo Popular (15), polo que queda rexeitada.

A continuación somete a votación a moción do Grupo Socialista, e ao obter o voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15), a moción queda rexeitada.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

11ºB.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA AOS RECORTES DA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL EN RELACIÓN COAS AXUDAS PARA RAZAS AUTÓCTONAS EN EXTENSIVO.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Iglesias Pérez para que expoña o contido da moción.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, dá lectura á moción, co seguinte contido: *En abril de 2008 a Consellería do Medio Rural sacaba unha liña de axudas dirixidas aos/ás titulares de explotacións gandeiras en extensivo de razas autóctonas que desenvolvan actuacións destinadas á produción baseada nos recursos naturais dispoñibles, consonte coas políticas que recomenda a Unión Europea: unha produción agraria máis acorde co medio natural e satisfacción da demanda de alimentos sans e de calidade.. Así, a Consellería do Medio Rural e os titulares das explotacións gandeiras asumían durante cinco anos unha serie de compromisos: por unha banda os gandeiros comprometíanse a cumprir medidas relacionadas coa hixiene e sanidade animal, co axeitado mantemento da superficie agraria e coa promoción das razas autóctonas; e por outra, a Consellería comprometíase ao pago de ata 156 € por animal reprodutor. Estas axudas estaban incluídas nas medidas aprobadas no Plano de Desenvolvemento Rural de Galiza (PDR) que se financia con fondos FEADER e complementábase con achegas do Estado e da Xunta de Galiza, programa para o que existe consignación orzamentaria suficiente. O Grupo do Bloque Nacionalista Galego considera que ademais dunha actuación irresponsábel, trátase dun erro estratéxico xa que se pode malograr a potencialidade de producións de carne de gran calidade dándolle polo tanto vantaxes aos nosos competidores máis directos. Por iso manifestamos a nosa preocupación non só por esta actuación continuada no tempo senón tamén pola posibilidade de que esta sexa o preludio do abandono desta liña estratéxica de actuación no futuro PDR que está pendente de redactar e aprobar para o próximo período 2014-2020. Por todo o anterior exposto, o grupo provincial do BNG solicita por parte do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo: O Pleno da Corporación insta ao goberno galego a: 1.- A revisar e revogar a resolución do 31 de decembro de 2013, da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes, de adxudicación das axudas solicitadas ao abeiro da Orde do 3 de abril de 2013, pola que se procede á apertura do prazo para a presentación da renovación do compromiso polos titulares de explotacións beneficiarios das axudas establecidas na Orde do 18 de abril de 2008, pola que se establecen as bases*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

reguladoras das subvencións destinadas ao fomento de sistemas de produción de razas gandeiras autóctonas en réximes extensivos publicada no DOG o día 18 de febreiro de 2014 para proceder á súa corrección seguindo o criterio de que se respecten os compromisos adquiridos pola Consellaría do Medio Rural con todas as explotacións que cumpriron os criterios en función dos cales se lles outorgou no seu día as ditas axudas. 2.- A manter no Plan de Desenvolvemento Rural que se aprobe para o novo período 2014-2020 liñas de axuda que respondan aos criterios de recuperación de razas autóctonas e de explotación gandeira en extensivo para a produción de alimentos sans e de calidade, con dotación orzamentaria suficiente e con criterios que permitan desenvolver o potencial que Galiza ten neste ámbito.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, dálles a benvida aos veciños que ocupan o salón de plenos e quere pensar que se trata de veciños titulares de explotacións de gandería extensiva de razas autóctonas. Manifesta que estamos ante un grave problema que pode abocar ao peche de explotacións e por ende condenando o abandono do rural galego. Desta vez non poden falar da herdanza recibida, porque estas axudas que rematan en teoría este ano, son de 5 anos, creáronse no goberno do vilipendiado Zapatero. Sendo ministra a ourensá Elena Espinosa. Os problemas chegaron co Partido Popular e co Sr. Rajoy no ano 2011, minguaron as axudas dos que cumprían os parámetros e reduciron as axudas a menos da metade, 60 € no ano 2011. Recentemente os representantes dos gandeiros trasladáronlles as demandas ao goberno galego de Núñez Feijoo e á Conselleira Rosa Quíntana, para reclamar unha revisión do proceso de adjudicación de axudas, así como unha maior dotación de fondos. No último reparto de axudas, a Xunta rexeitou o 85% das solicitudes por falta de fondos. Repartiu preto de 600.000 euros, fronte aos máis de 1,7 millóns da primeira convocatoria do ano 2008. Para os gandeiros que se dedican a manter explotacións de razas autóctonas en perigo de extinción e en extensivo, cos criterios de reparto establecidos pola Xunta de Galicia serían necesarios moitos máis fondos para cubrir as necesidades dos que teñen apostado pola cría destas razas autóctonas. Que debemos precisar e recordar son 6 se incluímos a rubia galega, e 5 de vacún que excepto a cachena e a limiá están ligadas ao Macizo Central desta provincia, zona protexida como espazo da rede Natura, ademais doutras especies como a cabra, a ovella, o cabalo e a galiña de mos. Recordemos tamén que as 5 razas de vacún, son razas autóctonas desta provincia, de comarcas de Ourense, que hoxe están presentes noutros territorios de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

Galicia. En explotacións das catro provincias hai asociadas 121 explotacións de criadores, dos que 55 están en Ourense, 40 en Lugo, 14 na Coruña e 12 en Pontevedra. Estamos ante un novo ataque frontal ao interior de Galicia. Un novo ataque frontal á provincia de Ourense. Un novo ataque ao mundo rural como forma de vida e un novo intento por desmantelar e favorecer o despoboamento do interior de Galicia. Unha estocada aos veciños e veciñas desta provincia que apostaron no seu día por querer cambiar o seu “modus vivendi” cara a modelos de gandería sustentable ecolóxica e acorde coas políticas que marca a Unión Europea. De novo o mundo ao revés: queremos fixar poboación pero o goberno do Sr. Núñez Feijóo recorta as axudas para que novos e non tan novos, teñan que abandonar as explotacións por falta de rendemento. O que denuncian os gandeiros que compraron reses de razas autóctonas, e nin máis nin menos que un incumprimento de contrato. Eles comprometéronse a traballar dunha determinada maneira e formáronse e investiron, pero agora a Xunta incumpe o pactado, establecendo criterios de reparto de forma unilateral e reducindo os fondos, de maneira que non cobran todos os que cumpren os requisitos. Apuntan que estas axudas son fundamentais para explotacións familiares en extensivo, afogadas pola suba do penso, do gasóleo e polos recortes da PAC. Dende os sindicatos e dende as asociacións de criadores, advírtese que os gandeiros non recibirán comunicación individual do rexeitamento das súas solicitudes o que suporá que para cando queiran recorrer xa será tarde. Pois ben, o prazo de recurso rematou o pasado día 19 de marzo. Nesta campaña presentáronse 1.064 solicitudes e foron denegadas 906, cando 683 cumprían os requisitos establecidos na convocatoria. Estamos a falar dun grave prexuízo para os gandeiros, para as especies, para as economías locais, para o desenvolvemento do rural, para os ecosistemas, para a pureza de razas, para o patrimonio xenético, porque aínda que non fora rendible apoiar este tipo de explotacións deberían, igualmente, facerse achegas por razóns sociais, culturais e ecolóxicas, a máis cabezas de gando no monte máis limpeza, máis desenvolvemento sustentable e, por suposto, menos incendios. A non ser que se aposte a seguir cos incendios e non seguir co sector primario e con este tipo de gandería.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que como se trata dunha moción de partido, con posicións de partido (todos saben ao que se refire) el tamén vai ter unha posición de partido e unha intervención de partido, e espera non aburrir máis do necesario (di isto con respecto, que ninguén pense que toma o asunto a *coña*). Vai ler uns datos que lle deron (ás veces lle din que le os datos) no Partido Popular. En primeiro lugar quere lembrar que foi o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

gobierno do PP quen máis cartos achegou de fondos propios para contribuír á viabilidade do sector agrogandeiro en tempos difíciles. Só no ano 2009 achegáronse máis de vinte millóns de euros de fondos propios ao sector lácteo en axudas diversas (máis do que achegou o deostado Sr. Zapatero). No ano 2009 introduciuse unha modificación conceptual nas liñas de apoio ás razas autóctonas galegas, fomentando a recuperación dos recursos zootécnicos baseándose nun modelo produtivo que garanta a súa viabilidade sostible e consolide, polo tanto, os seus censos. Como consecuencia destas iniciativas, nos últimos anos incrementáronse en case o 50% os censos das vacas morenas galegas e ovella galega; preto do 20% os da galiña de mos, e tamén se produciron avances na evolución do porco celta. Dá os seguintes datos: censos reprodutores autóctonos: vacúns morenas, ano 2008 case 4.000 e ano 2011 case 7.000; ovella galega, ano 2008 algo máis de 1.600 e ano 2011 máis de 3.000; porco celta, ano 2008 780 e ano 2011 984; galiña de mos, en 2008 non había censo e no ano 2011 case 9.000. Unha vez dito isto, quere lembrar que as axudas destinadas ao fomento de sistemas de produción das razas gandeiras autóctonas en réximes extensivos están reguladas no Real decreto 1724/2007. Estas axudas están dotadas con fondos do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que lles transfire as cantidades correspondentes ás comunidades autónomas para atender ao pago das subvencións, indicándose expresamente na norma reguladora que para cada exercicio se establecerá, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias, a cantidade máxima correspondente a cada comunidade autónoma. A dotación económica coa que estivo dotada esta ode na Comunidade Autónoma de Galicia, en función das transferencias recibidas polo ministerio que mencionou, foi a seguinte: ano 2008, 1.697.000 €; ano 2009, 1.106.000 €; ano 2010, 1.181.000 €; ano 2011, 800.000 €; ano 2012, case 600.000 €. É importante subliñar (xa que nos esquecemos da conxuntura económica na que estamos) que no ano 2012, que correspondía ao último ano de compromiso de cumprimento dos requisitos, a axuda foi oportunamente convocada, dándose o caso de que ao finalizar o período non se realizara o ingreso por parte do Ministerio dos importes correspondentes á Comunidade Autónoma no tesouro da Xunta de Galicia, motivo polo que, co obxectivo de cumprir a normativa en materia de estabilidade orzamentaria e déficit público, se deixou sen efecto a convocatoria do dito ano. Isto trouxo consecuencias que non vai comentar, a non ser que lle pidan que as comente. En todo caso, as razóns dun menor número de beneficiarios que nas anteriores convocatorias son: menor dotación orzamentaria, aplicación da concorrencia competitiva (non a houbo entre 2009 e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

2011), e o maior importe para cobrar polo beneficiario, en xeral, ao cabo dos anos, os gandeiros incrementaron os censos das explotacións. No PDR actual, contémpanse axudas para razas autóctonas dentro das axudas agroambientais, que xestiona o FOGGA, que son para levar a cabo prácticas de respecto ao medio ambiente e benestar que vaian máis aló do habitual e por iso hai que pagar o sobrecusto que se supón teñen as explotacións por levar a cabo estas prácticas. No PDR futuro tamén se van contemplar. Ademais existen no PDR actual axudas para razas autóctonas en perigo de extinción (xa non son agroambientais), e estas lévanse na Subdirección de gandería. Nestas non entra a rubia galega porque non é unha raza en perigo de extinción. Tamén se van implementar no PDR futuro. Despois, existen as axudas a razas autóctonas en extensivo que non son do PDR e que se xestionan con fondos 100% do Ministerio. Estas axudas apróbanse en 2008 cun compromiso por parte dos gandeiros de manter o gando cinco anos nunhas determinadas porcentaxes que ademais van aumentando, esixíndose o ano da aprobación ter un 10% da cabana de razas autóctonas e acabar o quinto ano cun 40% da cabana con autóctonas, así que o número de animais para pagar vai incrementando co paso tempo. Nestas axudas diminuíronse moito os fondos e, polo tanto, repártense os fondos que hai para repartir, pois o Real decreto e a Orde á que se referiu, deixan moi claro que o compromiso é por parte do gandeiro por cinco anos, pero a Administración pagará de acordo coa dotación orzamentaria, e no caso de que non chegue, aplicará a concorrència competitiva, que é o que se fixo ata agora. O que ocorre este ano é que hai menos diñeiro, hai máis animais para pagar e polo tanto ao aplicar a concorrència competitiva quedaron moitas explotacións fóra. Nestes anos en Galicia non se aplicara a concorrència competitiva e isto supoñía que non se podía pagar o mínimo establecido (100 euros por animal, e de aí para arriba). De feito, os mesmos que agora protestan son os que en campañas anteriores (insiste que nas se pagaron as axudas por baixo do establecido para así atender a todos e non aplicar a concorrència competitiva) presentaron recurso alegando que non se aplicase a concorrència competitiva, e polo tanto os solicitantes cobrarían menos de 100 euros por vaca. E por suposto a Xunta de Galicia atendeu eses recursos. En consecuencia, o voto do Grupo Popular non pode ser a favor, sobre todo do primeiro punto da moción por razóns obvias. Non terían ningún inconveniente en aprobar o segundo punto se propoñen votalos por separado.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que lle quedou clara que esta é unha posición de partido. Posición que lle parece mentira que a teñan os alcaldes de concellos de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

Ourense e que desprezen tanto ao rural galego (aínda que despois nos concellos son capaces de votar a favor). Os animais teñen o malo costume de reproducirse e, polo tanto, a cabana gandeira aumenta, e non é cousa do goberno do Sr. Feijóo. Cae de caixón que se cobra unha subvención por reprodutora, cantas máis reprodutoras teña máis subvencións cobra. Non vai entrar no prezo no que se venden os xatos que case son regalados. Dille ao Sr. Álvarez Dobaño que todos eses datos que lle deron, independentemente da posición de partido que el teña como defensor desta iniciativa, llos vaia comentar aos gandeiros da provincia de Ourense, que teñen as súas vacas, as súas ovellas ou as súas cabras dispersas polo monte. Pide que lles explique tamén nas condicións que están, o prezo que lles dá a carne, ao prezo que lles están os pensos, o prezo ao que está o gasóleo. Que se lles explique tamén que o que demandan non é xusto. Dikir “eses que agora se queixan” para el é un desprezo. Xa que o portavoz do Grupo Popular leu uns datos que lle deron (se llos deron serán reais, pero para el son maquillaxe pura), el tamén di que no ano 2011 as axudas se reduciron nun 40%, no ano 2012 a un 75%, cambiando os criterios unilateralmente para deixar fóra a moitos gandeiros. Das 987 explotacións que reunían os requisitos en 2008, pasaron a ser 158 as explotacións que recibiron os cartos no ano 2012. Poden dicir o que queiran pero isto é un claro incumprimento por parte da Consellería de Medio Rural do compromiso que adquiriran cos gandeiros. En 2012 xa houbo un intento do Sr. Feijóo para deixar sen rigor estas axudas. Moitos dos que protestaban (amparados polo nacionalismo sindical agrario), coa presentación de recursos de reposición e queixas ao Valedor do Pobo, conseguiron botar atrás unha serie de iniciativas que estaban previstas. Pode ser unha visión de partido, pero o BNG ve con preocupación este novo atentado contra as ganderías galegas en xeral e contra as granxas extensivas en particular. Pregúntase qué motivo ten desaproveitar o potencial do noso monte, o potencial de produción de carne desas razas, e intentar frear a presión tan forte da competencia neste mercado, tanto a nivel interno do Estado como exterior, sen entrar no debate do beneficio ambiental que poden ter estas explotacións, como a redución de custos nos dispositivos de incendios, ou simplemente a capacidade de fixar poboación no rural. Hai casos de gandeiros que cambiaron de intensivo a extensivo e teñen a toda a familia vivindo no concello e se non fose así hoxe estarían en Ourense ou Vigo, ou marchando para fóra porque non poden quedar na terra á que lle teñen tanto apego (o que non lle teña apego á súa terra non merece ser alcalde do rural ourensán). Reitéralle ao Sr. Álvarez Dobaño que lle comente a todos estes gandeiros a situación e a ver que lle din.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

D:^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, subscribe as palabras de Xaime como relator da moción do BNG. Dille aos deputados do Grupo Popular que eles son alcaldes de concellos onde están localizadas estas explotacións e lles terán que explicar o que está a pasar, por qué se conxelaron as axudas, por qué non se están a pagar e por qué o 85 % quedou fóra. Parece mentira que sexan alcaldes desta provincia; estamos a falar de razas autóctonas en perigo de extinción. Esta xente apostou por cambiar o modelo de xestión da súa gandería, e pasou a comprar nais que se fixeron reprodutoras, chegándose aos censos que se chegaron. Lembra que no ano 1991, cando se empezaron estes programas, algunhas razas autóctonas tiñan tan só tres ou catro dúcias de cabezas. Parécelle interesante que o Partido Popular recoñeza neste plenario que temos máis animais pero que temos menos fondos, que se fixo unha concorrencia competitiva, que se revisou o sistema de puntuación e que hai moita xente que quedou sen cobrar. Isto é grave, están claras as políticas do PP, no liberais a morte, apostando forte pola Galicia atlántica, pola Galicia do cemento, do mundo urbano das vilas e das cidades, onde xa resulta difícil atopar traballos ben remunerados e os que apostan por retomar as terras a gandería e outra forma de entender o campo de maneira respectuosa co medio e coa ecoloxía, os que apostan polas formulas verdes ou *greening* compoñente verde, que queda máis *cool*, eses vanlles cortar de raíz o seu futuro. O rosario de sempre é que estamos nos tempos que estamos, que hai que recortar, que os fondos son menos ... pero iso hai que explicarllo á xente que investiu nas súas explotacións, que lles teñen que facer fronte ás hipotecas, ao pagamento das letras dos tractores, da maquinaria, do penso, do gasóleo, etcétera. O Partido Popular aposta por deixar os montes ao chou, porque é mellor e máis rendible a extinción de incendios, que a prevención e a xestión integral do monte (temos a provincia coa maior superficie forestal das catro provincias galegas) cando este tipo de gandería protexe o monte dos lumes, só hai que fixarse na provincia de Lugo, que arde menos que outras, ou nos concellos onde están asentadas esas explotacións. Coñece de primeira man pobos que hoxe están vivos, teñen xente, gandería, pastos verdes e os montes limpos grazas a este tipo de prácticas, do contrario, eses pobos xa hai tempo que estarían abandonados. Saben que unhas formulas son a curto prazo máis rendibles toda vez que tamén por esa vía se poden ofertar postos de traballo (refírese aos incendios), iso si precario, temporal de grave risco para os traballadores e sobre todo para o medio. O Grupo Socialista da Deputación pensa que é urxente reformular que modelo queremos para o rural. Eles téñeno moi claro e o Grupo Popular teno clarísimo, rematar con el. Despois non é de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

estrañar atopar pobos abandonados que se ofertan a prezo de saldo ou gratis para que os de fóra veñan recuperalos, mentres os nosos paisanos seguen a pechar e emigrar para outro lado. Anuncia que apoiarán a moción.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, pregúntalle ao Sr. Iglesias Pérez se unha e outra vez non dicían que o rural se derruba, que o Sr. Feijóo acaba con todo, e por outro lado reconece que aumentan as cabezas de gando. En canto á posición de partido di que si, que é unha posición de partido, porque, humildemente, disto el non sabe nada. El deu datos que lle deron, pero o Sr. Iglesias tamén, porque está seguro que el non redactou a moción e os datos que deu tampouco os sacou por xeración espontánea. Pregunta por qué non lle contestou ningún se están a favor da libre concorrência ou do reparto puro e duro, ou é que non se queren mollar, porque a algúns gustaralles o que digan, pero a outros non. O BNG cogobernou esta terra galega, e pon como exemplo, dentro desa política de defensa do monte, que nun monte que se gastaron 400.000 euros está abandonado, agora apareceu alguén (veu de Cataluña) e llo alugou ao pobo por 83 euros ao mes. Esa foi a súa política.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que ese monte do que falou o Sr. Álvarez Dobaño agora ten colmeas. Pregúntalle se cando fala de libre concorrência só se refire a este punto ou en todo o que se trate nesta Institución. Tanto nesta como noutras ocasións, cando se fala do rural galego e do rural ourensá, por desgraza cada vez teñen máis clara cal é a posición do Partido Popular, aínda que non a acaba de entender vindo de onde veñen. Non lle estraña que voten en contra e insiste en que lles explique aos gandeiros o que explicou aquí.

Non se producen máis intervencións e Sr. presidente (entendendo que se vota a moción conxunta e non por separado, como se propuxo) somete a votación a moción do BNG, e ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15) a moción queda rexeitada.

11º C.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2014.-

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia de data 27 de marzo de 2014.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que o Grupo Socialista pedira neste plan algún cambio para os concellos, que máis ou menos significa o que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

se pide nesta proposta, polo que se alegran de que isto sexa así. Anuncia que votarán a favor porque son cousas que piden os propios concellos dentro da súa independencia municipal.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a súa proposta, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aprobar definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2014 segundo o documento inicialmente aprobado na sesión ordinaria de 28 de febreiro de 2014, modificando, a pedimento do concello de Monterrei, o orzamento das obras n.º 59/POS/2014 coa denominación “Abastecemento e saneamento na Madalena” e n.º 60/POS/2014 coa denominación “Mellora do abastecemento en San Cristovo”, quedando fixados respectivamente nos importes 49.000,00 € e 21.000,00 €, substituindo, a pedimento do concello de Pontedevea, a obra n.º 75/POS/2014 coa denominación “Aforro enerxético Pontedevea/arranxo escolas” pola obra denominada “Abastecemento de auga a Abilleira” cun investimento de 45.000,00 € e modificando a pedimento do concello de Montederramo o orzamento da obra n.º 58/POS/2014 coa denominación “Pavimentación dos núcleos de Peredo, Cepada, Xestosa e Abeledos” quedando fixado este na cantidade de 45.000,00 € e destinando a diferenza resultante da achega provincial cun importe de 5.000,00 € á contratación dos servizos complementarios á execución da obra.

12º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda producíronse as seguintes intervencións:

O **Sr. presidente** anuncia que se presentaron tres preguntas para a súa resposta oral en pleno (dúas do BNG e unha do Grupo Socialista), e tamén un rogo presentado polo BNG.

A primeira pregunta é a rexistrada co número **7.842, do 27 de marzo, formulada polo BNG**, que di o seguinte: Logo de informarnos pola prensa de que Xosé Lois Foxo, director da Real Banda de Gaitas da Deputación ven de crear unha fundación para a custodia, estudo e difusión da súa obra, e da propia Banda de Gaitas que dirixe, e habida conta de que en datas non moi distantes, esta Deputación aprobou sendas ordenanzas, tanto da Real Bande de Gaitas como da Escola de Gaitas, o BNG quere saber: Cómo afecta esta nova situación á relación que a Banda de Gaitas ten coa Deputación e á aplicación das ordenanzas antes mencionadas, tanto para os efectos de relación xurídica como patrimonial?

O **Sr. presidente** responde que non afecta para nada á situación anterior.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

A segunda pregunta é a rexistrada co número **7.849, do 27 de marzo, formulada polo Grupo Socialista**, ten tres apartados e **primeiro** di o seguinte: Cal é a situación a día de hoxe da Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense?

O **Sr. presidente** responde que é a mesma que hai unha semana e que hai un mes, exactamente igual.

O **segundo** apartado di: qué tipo de relación ten agora mesmo coa Deputación de Ourense?

O **Sr. presidente** responde que ten a mesma que tiña.

E o **terceiro** apartado di: vai seguir tendo o mesmo tipo de relación a curto e medio prazo?

O **Sr. presidente** responde que evidentemente así será. Estes días tívose coñecemento, por unha resolución que se publicou no DOG, de que se declarou de interese galego e se ordenou a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, á Fundación Xosé Lois Foxo-Real Banda de Gaitas. Di que en ningún momento esta Deputación nin promoveu, nin colaborou, nin articulou, nin propuxo ningunha cuestión relacionada con esta iniciativa, que responde única e exclusivamente a un posicionamento de carácter persoal, que espera clarexar a próxima semana nunha reunión co Sr. Foxo. Reitera que non existe ningún posicionamento desta Deputación. Á parte desa xuntanza, parece ser que o Sr. Foxo dixo que se trata dun mal entendido e incluso que está disposto a disolver a fundación. O que está claro é que esta Deputación está en absoluto desacordo con esa cuestión. A este respecto se lle enviou á Xunta de Galicia un escrito no que se di que a Real Banda de Gaitas é un servizo público, de carácter cultural e educativo de titularidade da Deputación, desenvolto ao abeiro da competencia de fomento en materia de educación e cultura e que está regulada por unha ordenanza que establece que depende da Administración provincial, non ten personalidade xurídica propia e se integra, para todos os efectos, na Deputación de Ourense. No artigo 6º desa ordenanza sinalase que os bens e dereitos adscritos á Real Banda forman parte do patrimonio da Deputación, coa consideración de bens de dominio e servizo público conforme coa lexislación patrimonial aplicable ás administracións locais. O artigo 13º da mesma ordenanza regula a xestión da Real Banda, debendo advertirse que no momento actual este servizo cultural é xestionado de modo directo pola Deputación Provincial, sendo o director da Real Banda un empregado público da administración provincial. Vinculada á Real Banda de Gaitas, está a Escola Provincial de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

Gaitas, que igualmente é un servizo público provincial, regulada por unha ordenanza específica. Na Orde publicada alúdese a que o domicilio da Fundación Xosé Lois Foxo-Real Banda de Gaitas se sitúa no Campus Universitario, Pavillón 3 en Ourense, e o dito inmovible é propiedade desta Deputación Provincial. Anuncia que se lle comunicou por escrito á Xunta de Galicia que as actuacións relativas a esta fundación poden afectar aos intereses lexítimos desta Deputación polo que se lle solicita unha copia do expediente tramitado en relación con este tema. Reitera que esta Deputación con comparte a decisión do Sr. Foxo que se intentará clarexar na xuntanza que manterá a próxima semana.

Existe outra pregunta con número de **registro 7.854, formulada polo BNG** e que consta de tres apartados, co seguinte contido: A Deputación ven de incoar expediente de resolución de contrato para a prestación do servizo Escola Ecuestre de Vilamarín por incumprimentos fundamentais. O **primeiro** apartado di: Podería vostede explicar se durante este tempo previo á resolución do contrato houbo cambios na composición societaria na empresa adxudicataria Equus Ourense e cales foron estes?

O **Sr. presidente** responde que si lle constan eses cambios societarios mediante escrituras públicas de 12 de novembro de 2013, e que lles fará chegar aos grupos en qué consisten eses cambios para que teñan a información exacta.

O **segundo** apartado di: cando fala vostede de incumprimentos fundamentais, podería vostede ser máis preciso e explicar en qué consisten eses incumprimentos?

O **Sr. presidente** di que os incumprimentos se referían a retrasos no pago do canon, á transferencia de parte da maquinaria vendida pola Deputación a Equus, e a falta de construción da clínica veterinaria con quirófano comprometida. Os dous primeiros poderían ter sido corrixidos, pero nas alegacións Equus reconece a imposibilidade de instalar a dita clínica, tanto por razóns económicas como de oportunidade.

O punto **terceiro** di: Por qué, unha vez rescindido o contrato a Equus Ourense non se someteu novamente a concurso público en vez de adxudicarllo á empresa que quedara segunda no anterior concurso? Non considera que iso atenta contra o principio de igualdade e libre concorrência, toda vez que lle pecha as portas a aquelas empresas que puideran ter interese e que se constituían con posterioridade a primeira adxudicación ou simplemente non consideraran participar daquela?

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

O **Sr. presidente** responde que se lle adjudicou o contrato ao segundo licitador de conformidade única e exclusivamente cos criterios dos servizos xurídicos da Deputación, prevendo a normativa de contratos que se estableza na licitación unha orde de prelación dos licitadores, precisamente para estes fins. En todo caso o tempo que lle queda de prestación do servizo é o que lle restaba á anterior adjudicataria, que inicialmente era por 10 anos.

En canto ao **rogo do grupo provincial de BNG**, relativo ao trazado da futura autovía A-76, Ourense-Ponferrada, que xa se tratou nunha comisión informativa e se quedou en elaborar un informe detallado de cal é a situación dese expediente, polo servizo de Vías e Obras, consiste en solicitarlle ao Ministerio de Fomento, á vista dos feitos antes mencionados, a que abra un novo prazo de exposición ao público do trazado da autovía A-76, Ourense-Ponferrada, dados os problemas de desinformación habidos que non permitiron aos veciños e veciñas presentar alegacións.

O **Sr. presidente** di que ese informe que lle requiriu ao Servizo de Vías de Obras terano o próximo luns, e o martes pola mañá, ás 10.30 horas, ten unha xuntanza cun membro da plataforma en relación con esta cuestión, para falar do desenvolvemento das accións que se poderían encomendar.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que xa que están aquí veciños afectados, non ten ningún inconveniente en cederlle a palabra a un deles para que expoña a situación e que se lle diga con claridade cales son os pasos a seguir, á parte dos informes.

O **Sr. presidente** manifesta que se os voceiros dos grupos non teñen inconveniente, el tampouco o ten.

Achégase ao escano un veciño que se identifica como **Javier Luis Docampo Vázquez** e manifesta que lle quería pedir ao Sr. presidente da Deputación que lle pida ao Sr. alcalde e aos concelleiros que falen con eles, porque o Sr. alcalde se negou a falar con eles e non expuxo nada. Só lles mandou unha nota dicíndolles que os ía recibir de catro en catro como se fosen terroristas. Eles están salvando unha ribeira e as súas casas. Reitera que lle pida ao alcalde que fale con eles, porque só vai cando hai eleccións, levando bombóns, paraugas e cincuenta mil cousas.

O **Sr. presidente** di que toma nota do rogo e reitera a reunión que vai manter o martes pola mañá con algún representante da plataforma para falar desta cuestión.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, con respecto a esta última cuestión que se tratou, parécelle ben que se manteña a reunión anunciada, e a responsabilidade da Deputación pasa agora por paliar o defecto que tivo o concello. Non sabe se este asunto estivo en exposición pública no concello, e se non o estivese estaríase incumprindo a lei. Ese é o camiño que ten que emprender a Deputación, saber se realmente esas cuestións estiveron expostas ao público ou non, porque cando fala de non enganar dio porque hai que dicirlle á xente que é difícil que Fomento emprenda outras novas alegacións, porque xa sabemos todos a que se está referindo. Está de acordo cos veciños, é coñecedor daquela zona porque se criou alí e coñece perfectamente cal é a cuestión que teñen eles enriba da mesa, e evidentemente o alcalde ten que responder ante esta situación. Espera que así o faga para intentar paliar unha situación que cre que é defecto do seu alcalde. Unha vez dito isto, manifesta que, con respecto ao que se falou da Real Banda de Gaitas, satisfíxolle a contestación do presidente de que non están de acordo, pero preocúpalle porque se está a falar dunha persoa que individualmente acomete calquera acción para conseguir calquera tipo de beneficios cunha fundación, que é funcionario desta casa, sen contar co goberno desta casa nin co seu presidente. Se as súas informacións son correctas, a Deputación acaba de sufragar un gasto de 50.000 euros para unha viaxe da Real Banda de Gaitas a Rusia. Este non é o problema, o problema é que esta Deputación é a que achegou os cartos para que funcione a Real Banda de Gaitas, fixo os investimentos oportunos e é a que lles paga aos funcionario, e agora é moi preocupante que un funcionario en cuestión intenta que a Real Banda de Gaitas sexa de forma privativa. Cre que haberá que analizar as medidas para tomar a este respecto e tamén hai un asesor cultural que debería estar informado destas situacións e que a día de hoxe non saíu a dicir nada (igual que noutros aspectos está en todas as fotografías) dunha competencia que é exclusiva del, polo que tamén é responsabilidade del e debería levar “un bo tirón de orellas”. Fai un rogo en relación cun que xa fixo noutro pleno, que é que a día de hoxe seguen sen acometerse (quere entender que por cuestións climatolóxicas) as obras de Berán, polo que pide que se acometan canto antes. Roga tamén, e xa noutra ocasión o pediu con contundencia e por favor, que o Sr. presidente arranxe o tema da planta de transferencia de Beade. Di isto, porque xa o anunciou unha vez e cun debate bastante acalorado, porque vai ter consecuencias desagradables para esta Deputación, porque hai quen está disposto a emprender accións desagradables, algo que lle parece lóxico, porque os técnicos están esperando unha solución política, e seguen sen poder

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

verter nunha planta de transferencia que está na comarca. Roga e pide de xeonllos (ironicamente) que se solucione ese problema. Pide que se corrixa unha cuestión en relación con Intervención sobre a relación de decretos asinados pola Vicepresidencia ou pola Presidencia, porque hai decretos de aprobación de facturas varias que sumadas en total chegan a case 200.000 euros. Pensa que deberían ter máis información, porque se está falando de cantidades moi importantes que non saben a que van destinadas, pola contra aparecer reflectidas facturas que si veñen especificadas para quen son. Non queren ser desconfiados pero queren ter información neste sentido. Despois hai decretos asinados pola Presidencia de modificacións de créditos por transferencias que suman case 300.000 euros. O Grupo Socialista quere que neste sentido haxa a máxima transparencia.

O **Sr. presidente** dille ao Sr. Gómez que lle serán remitidos todos os conceptos de todas as facturas, porque non hai ningunha razón para que non teñan toda a información que precisen. Con respecto á Mancomunidade do Ribeiro e a planta de transferencia, di que tanto esa planta como a que xestiona a Mancomunidade de Celanova non están directamente xestionadas pola Deputación. Estase a traballar nun novo modelo que será oportunamente publicitado, que pode mellorar a operatividade e contribuír a paliar as cuestións que se veñen suscitando durante un tempo. En relación co tema de Berán, xa o propuxo o Sr. Fernández Dopazo no pasado pleno, e evidentemente cando melloren as condicións climatolóxicas e sexa posible se procederá a esa cuestión.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, insiste no rogo anterior con respecto do novo trazado da A-76, porque consideran que están ante unha resolución única e exclusivamente política, polo que rogan que á marxe das accións postas en marcha pola Deputación, este plenario debería ir un paso máis aló, solicitándolle ao Ministerio de Fomento, á vista dos feitos que antes se mencionaron, que se abra un novo prazo de exposición ao público da autovía A-76 Ourense-Ponferrada, dados os problemas de desinformación habidos que non lles permitiron aos veciños e veciñas presentar alegacións. Pide un posicionamento plenario con respecto a este punto, porque é unha decisión política, á parte das decisións que tomen os técnicos. Con respecto á cuestión da Real Banda de Gaitas, pide que se elabore un informe xurídico para que se aclaren cousas que están pouco claras. En relación co Concello de Muíños di que ten un rogo e unha pregunta, co seguinte contido: na Xunta de portavoces celebrada o mes pasado, o BNG propuxo unha serie de cuestións en relación coas inundacións que se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

produciron en distintos concellos da Provincia. Observamos que o Concello de Muíños, seguramente con todo o dereito do mundo, acaba de ser subvencionado, mediante concesión directa, con dúas achegas de 15.730 e 17.300 euros, respectivamente. Pasado un tempo prudencial, queremos que nos explique cales son as valoracións económicas dos danos producidos nos distintos concellos e se o procedemento que porá en marcha esta Deputación para a concesión de axudas vai ser a través da concesión directa, como neste caso, ou a través doutro procedemento. Roga que a ver se é posible que se lles pase por escrito a relación de gastos que orixinou a conferencia de presidentes.

O **Sr. presidente** responde que lle será remitida toda a información que solicita en relación cos gastos da conferencia de presidentes de gobernos provinciais, así como o informe xurídico en relación coa Real Banda de Gaitas. En relación co tema de Muíños di que non ten nada que ver o que se acordou na Xunta de Portavoces e que ratificou o Pleno, coas cuestións de Muíños que teñen que ver coas cicloxéneses explosivas de hai uns meses, que levantaron unha das infraestruturas deportivas do concello, pero de todos os xeitos lle mandará unhas notas en relación con esta cuestión. En relación co rogo sobre a A-76 (así foi cualificado polo BNG), trátase como tal e non como unha moción. De todos os xeitos das conclusións que se saquen da xuntanza anunciada, que ninguén dubide que se se hai que dirixir a alguén (incluso ao Ministerio de Fomento) así será.

D.ª M.ª del Carmen Figueiral Iglesias, do Grupo Socialista, manifesta que no Grupo Socialista se recibiu unha queixa relacionada co Teatro Principal e a persoa que a asina manifesta o seguinte: *El Teatro Principal de Ourense desde enero de 2014 no permite ni la reserva ni la compra de entradas a través de Internet. Por lo tanto, si deseas acudir al Teatro Principal debes ir a la taquilla a comprar la entrada en horario de 12.00 a 1400 horas. Estas restricciones implican que a los que trabajamos o vivimos fuera de la ciudad de Ourense nos es imposible asistir a los actos celebrados en el Teatro Principal* Pregunta se o Sr. presidente pode confirmar que a situación que describe a persoa no seu escrito se axusta á realidade. De ser así, pregunta se lles pode aclarar se existe algún motivo que impida poñer en marcha a venda de entradas a través de Internet ou ampliar o horario de atención para a venda de entradas. Para concluír preguntalle ao Sr. presidente se terá a ben atender esta queixa ou se terá a ben tomar algunha medida ao respecto, insistindo no caso de que o que expón esta persoa se axuste á realidade.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

O **Sr. presidente** responde que coñece ese problema que houbo co funcionamento da pasarela de bancos que non só lle afectou ao Teatro Principal, pero é algo que xa está solucionado, foi unha cuestión momentánea e transitoria debido a un problema de sistema e non foi que se deixase de poñer a disposición dos cidadáns esa posibilidade para reservar entradas.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, anuncia que ten varias preguntas e que lle gustaría que se lle fosen contestando unha a unha.

A **primeira** é en relación cun decreto de 10 de febreiro (número 53) no que se recolle un gasto de 6.000 euros para custos de traballos solicitados pola Presidencia, e gustaríalle saber que tipo de gastos son.

O **Sr. presidente** dille que lle remitirá a información.

A **Sra. Morenza** pregúntalle se non se lembra agora mesmo de que gasto se trata, xa que é un gasto importante.

O **Sr. presidente** responde que oxalá lle puidese dar a información céntimo a céntimo, pero a súa capacidade non chega a tanto.

A **Sra. Morenza** formula outra cuestión sobre a compra de catro cadeiras con brazos por valor de 1.215 euros (algo que lle parece un dispendio) e pregúntalle ao Sr. presidente se non lle parece un dispendio gastar ese diñeiro en catro cadeiras con brazos.

O **Sr. presidente** responde que a esa pregunta así formulada podería contestar que si, pero primeiro debe ver quen o propuxo e se se contaba con dotación orzamentaria para adquisición de mobiliario. De todos modos cre que se refire ao Centro Cultural Marcos Valcárcel, cunha proposta remitida polo seu director que se lle fixo chegar á central de contratación e se fixo efectiva con cargo á dotación orzamentaria para adquisición de mobiliario.

A **Sra. Morenza** pregunta por un total de 7 contratos menores que asinou a Deputación cunha empresa que se chama Internacional Periféricos y Memorias de España SL, non entenden por qué se fixeron 7 contratos e non un contrato único se todos están relacionados con sistemas informáticos, ou se foi para obviar outro tipo de control e fiscalización porque a suma (bastante importante) é de 53.523 euros. Piden unha copia por escrito sobre este asunto.

O **Sr. presidente** responde que terá toda a información oportuna, incluídos os informes técnicos que foron os que determinaron que se fixera dese xeito a contratación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

A **Sra. Morenza**, continuando con tecnicismos, e en relación cunha asistencia técnica informática (algo que xa saíu en prensa por parte dos compañeiros do BNG) en xestión de redes sociais por valor de 18.000 euros, que lle foi adxudicada a un sobriño dunha alcaldesa desta provincia, pregunta qué procedemento se seguiu; se o presidente non considera que é antiestético e amoral adxudicarlle esta asistencia técnica a unha persoa vinculada ao Partido Popular por lazos familiares e por qué se lle adxudicou a esta empresa.

O **Sr. presidente** contesta que houbo 370 decretos asinados nese mes e parece ser que atoparon un sobriño. Con esa resolución o que se fai é contratar a un profesional titulado informático para que xestione unha cuestión que previamente se dixo que ía funcionar. As redes sociais e a aplicación web da Deputación (cónstalle que hai máis de 2.500 descargas) están derivando nunha notable carga de traballo. A dita aplicación será actualizada, probablemente, trimestralmente e precisa a súa xestión directa por unha persoa. Esta persoa é un profesional que se dedica a isto e a Presidencia quere o maior rendemento e a maior eficiencia. O BNG mesturou outro tipo de asistencias relacionadas con exdeputados doutros grupos políticos e outros ex altos cargos, mesmo meteu no mesmo saco a unha multinacional que nos vai axudar nese novo escenario de fondos comunitarios para determinados proxectos para Ourense. A Presidencia quere eficiencia e profesionalidade e o método procedimental foi o de contratación que determina a lexislación vixente.

A **Sra. Morenza** di que o presidente non acaba de responder á súa pregunta de por qué se lle adxudicou a esa empresa.

O **Sr. presidente** contesta que xa dixo que foi por eficiencia e eficacia e que co paso do tempo se poderá comprobar que a profesionalidade desa persoa está fóra de toda dúbida.

Continúa a **Sra. Morenza** con outra pregunta sobre un gasto que consideran superfluo, que é a compra dunha cámara de fotos por valor de 6.000 euros, e vinculada á esa compra preguntan pola persoa que traballa na Deputación e fai fotografías oficiais. Esta persoa ten a categoría de auxiliar administrativo pero se dedica a realizar traballos para o departamento supón que de propaganda do presidente, e queren saber por qué fai este traballo e non se cingue ao seu. Solicita tamén unha factura da copia da compra da cámara de fotos.

O **Sr. presidente** contesta que lle dará esa factura e todas as que pida. Non hai ningún departamento de propaganda do presidente. Existe unha actuación desta Deputación que rexistra non só todas e cada unha das comparecencias de prensa, senón actos derivados da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

xestión da Deputación que cre que a cidadanía debe coñecer. Con ese traballo que fai a persoa mencionada, que pertence ao corpo de funcionarios da Deputación, a Deputación está deixando de gastar o que no pasado se facía contratando a fotógrafos. O grupo de goberno quere que se saiba o que se fai na Deputación, e é o que goberna. Acepta os cualificativos que a Sra. Morenza lle queira dar aos gastos, pero quen goberna é o grupo de goberno, polo que está a realizar a función que se lle encomendou, gobernar.

Por último, e falando de propaganda, **a Sra. Morenza** mostra unha publicación que hai repartida pola Deputación. Pregunta se esa publicación está subvencionada pola Deputación, porque lles resulta sospeitoso que só aparezan a Xunta de Galicia e a Deputación (vinculadas ao Partido Popular). Pregunta tamén se existe algún tipo de relación co xornal, por qué se distribúe na Deputación e por qué aparecen fotos oficiais da Deputación, se se facilitaron desde a propia Deputación ou son empregadas sen permiso.

O **Sr. presidente** responde que desde o momento que se publica unha foto na web da Deputación xa está a disposición de calquera cidadán, é un recurso que calquera pode facer uso del. Xa lle preguntou por esta cuestión hai meses e a resposta é a mesma: non hai ningún tipo de relación, ningún tipo de convenio, ningún tipo de apoio nin ningunha colaboración económica desta Deputación con esa publicación. Se sae a Deputación é porque se fan cousas. Á Sra. Morenza tamén lle sorprende que saia a Xunta de Galicia ligada ao Partido Popular, pero esa é a situación que hai neste momento, aparecen os que gobernan as institucións e son noticias destas. Prégalle que se poña en contacto cos redactores da publicación e que lles diga o que cre ela que debería figurar no sumario da publicación.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que á vista do que se está dicindo e xa que se pon de manifesto a páxina web para explicar todo o que fai esta Deputación, rógalle que esas contratacións dos grandes profesionais que se fan (fillos, sobriños ... de cargos do Partido Popular) que se publiquen tamén na páxina web, que seguro que aparecen moi bos profesionais aínda que non sexan fillos ou sobriños, que ao mellor prestan mellores servizos dos que din que se van prestar, e así se daría a máxima transparencia, porque hai pouco tamén se contratou ao fillo dun alcalde. En definitiva, o rogo é que se faga máis publicidade das ofertas, á parte das que se teñen que facer por lei.

O **Sr. presidente** dálle as grazas polas súas apreciacións e di que cando o Sr. Gómez Pérez negaba coa cabeza é porque a nota que fixo pública o BNG facían referencia a outras

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de marzo de 2014

asistencias técnicas de persoas que precisamente non estaban vinculadas ao Partido Popular, senón ao Partido Socialista.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que antes o Sr. presidente anunciou que ía ter unha reunión con veciños afectados pola A-76 e dado que é unha decisión política que se toma nos órganos desta institución e para non demorar esa posible decisión política, porque urxe, pide que despois da reunión e dos informes pertinentes se reúna a Xunta de Portavoces para tomar unha decisión.

O **Sr. presidente** di que nada impide o que propón o Sr. Iglesias Pérez, incluso a Presidencia pode dirixirse ao Ministerio de Fomento para facer esa cuestión. Estase por solucionar as cousas e por ser o máis efectivos posible.

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista, en relación coa publicación das actas, incluídas as da Xunta de Goberno, na páxina web, roga que se poña un índice, porque ás veces é moi difícil atopar o que se busca.

O **Sr. presidente** manifesta que se está neso e noutras modificacións para dar as máis facilidades e axilidade posible.

E, ás 14.00 horas do citado día vinte e oito de marzo de dous mil catorce, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,